

A UVigo promove unha mostra itinerante de videoxogos en galego

REDACCIÓN. VIGO
localad@atlantico.net

■■■ A Universidade de Vigo, a través do Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV), o Máster en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) —recoñecido pola Xunta de Galicia como máster universitario excelente e integrado na rede europea de mestrados da Comisión Europea—, o Grupo de Investigación TI4 Tradución & Paratradución (T&P) e a Área de Normalización Lingüística da UVi-

go, impulsa o proxecto “O videoxogo en galego”, unha exposición itinerante que percorrerá diferentes Institutos de ensino secundario da provincia de Pontevedra. O percorrido da exposición comeza esta semana no IES Politécnico de Vigo, onde permanecerá ata o venres, e continuará logo por outros centros da provincia.

O comisariado da mostra está integrado polos profesores e investigadores Óscar Ferreiro Vázquez, Ramón Méndez González e José Yuste Frías, referentes no eido da tradu-

ción para a industria do videoxogo. A iniciativa contou coa inestimable colaboración dun grupo de antigos estudantes da Universidade de Vigo que, cinco dos cales forman parte na actualidade do programa de doutoramento en Tradución & Paratradución: Lois Denis Agrelo, Ana Doval Fernández, María Herrero, Paula Regueiro, Leticia Robles e Elena Valle. “O videoxogo en galego” contará con pezas expositivas en formato físico e dixital, materiais informativos e un catálogo divulgativo dispoñible a través dun código QR.■

kioskoymas#duvi@uvigo.gal